



INFORME DE INTEGRACIÓN DAS DETERMINACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA AMBIENTAL



A Consellería de Medio Ambiente emite a Memoria Ambiental do Plan Xeral do Concello da Estrada en data 20 de xaneiro do 2012 coa seguinte resolución:

“O Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Estrada é ambientalmente viable” , aínda que para unha correcta integración dos criterios de sostibilidade establecidos no DR, o Plan deberá incorporar as determinacións que dita memoria indica, que son as que seguen:

1. Completar e actualizar tanto a normativa como a relación de plans, programas, estratexias vixentes que podan afectar ao planeamento, entre os que figuran as DOT, o Plan sectorial eólico de Galicia, o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais na Comunidade de Galicia, etc; indicando a xerarquía e a incidencia das principais medidas destes instrumentos.
2. Verificar e corrixir a disparidade numérica na superficie das diversas categorías de solo e no número de asentamentos existentes no Concello, de xeito que se ofrezca un único dato.
3. Identificar na documentación tanto gráfica como escrita os condicionantes do medio que se citan a continuación, de xeito que se avalíe a incidencia do planeamento sobre estes, se clasifique o seu solo de acordo coas súas características e coas categorías da LOUG, se detecten os posibles efectos, se propoñan as medidas necesarias en cada caso e se estableza un seguimento que permita coñecer a súa evolución.
 - Os rodais selectos, o abeto branco de Carballal, o tramo alto do Umia, o Bico de Curantes, a zona de protección para a avifauna e a posible ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia, actualmente en fase de información pública.
 - As liñas eléctricas que atravesan o Concello, os parques eólicos existentes (Plan sectorial eólico de Galicia), a minicentral hidroeléctrica en explotación do río Liñares, a minicentral situada no río Umia citada na Normativa do Plan e o territorio municipal afectado pola servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago de Compostela.
 - O trazado da Vía da Prata, pertencente ao Camiño de Santiago, polas parroquias de Orazo, Loimil e Oca.
 - Os trazados das liñas de ferrocarril que transcorren pola parroquia de San Miguel de Castro.
 - O trazado da autovía AG-59 (Ramallosa-A Estrada).
 - O solo afectado por concentración parcelaria nas parroquias de Loimil, Remesar, Oca, San Miguel de Castro e Arnois.
4. Describir os valores paisaxísticos da área definida no Plan (páxina 171 do Tomo III.-Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional) como “área de afección paisaxística en solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección forestal” grafada no plano do estudo da paisaxe, sinalando se deberá ser obxecto de protección ou non.
5. Completar e propoñer medidas preventivas e correctoras para cada un dos efectos negativos identificados no apartado 5 do ISA, co fin de que sirvan de referencia aos plans que desenvolvan o PXOM, e incorporalas á normativa do Plan de cara a garantir o seu



- cumprimento. De forma específica preveranse medidas para o caso de que apareza algún achado arqueolóxico durante as obras de urbanización.
6. Completar a relación de indicadores cos definidos no anexo II da presente resolución e adecualos á estrutura da táboa que figura nese anexo para un correcto seguimento do Plan, remitindo un único informe ao órgano ambiental cunha periodicidade anual.
 7. Completar o informe sobre a viabilidade económica co importe de todas as actuacións da proposta e incluír as partidas destinadas a sufragar os gastos da aplicación das medidas e do plan de seguimento.
 8. Realizar unha análise de compatibilidade do Plan cos obxectivos e determinacións das DOT, conforme a súa determinación 10.1.18, seguindo a metodoloxía de análise de compatibilidade estratéxica (ACE) co fin de favorecer unha axeitada coordinación territorial. A modo de exemplo, pódese consultar o ACE realizado no ISA do Plan de ordenación do litoral.

O presente documento expón como se inclúen no Plan Xeral obxecto da presente aprobación Provisional as determinacións anteriormente citadas.

1. A relación de **plans, programas e estratexias vixentes** que poidan afectar ao planeamento indícase no Tomo I. punto 6. Plans, Programas e estratexias vixentes que afectan ao planeamento e lexislación sectorial de aplicación. Ademais no ISA no apartado 9.1 Coherencia externa (Análise de Compatibilidade estratéxica) analízase a coherencia transversal con outros plans sectoriais e a coherencia en ferverza do PXOM cas DOT.
2. **Corrección na disparidade de datos como a superficie das diversas categorías do solo** e o número de núcleos rurais así como a tipoloxía dos mesmos (417).

Alternativa 2: (PROPOSTA de consenso 2012)		
Denominación		Superficie (m ²)
Solo Urbano		1.324.916,50
Consolidado		1.192.636,50
Non Consolidado		132.280,00
Solo de Núcleo Rural		13.132.435,00
Rolo Rústico		
De protección	Espazos Naturais	47.666.711,00
	Augas	23.503.004,36
	Patrimonio	844.653,00
	Forestal	101.970.418,80
	Paisaxística	496.413,00
	Agropecuaria	72.544.442,49
	Infraestruturas	8.988.624,32
	Ordinaria	365.009,27
	Augas e Espazos Naturais	9.244.773,40
Solo Urbanizable		1.718.598,86



Delimitado (contiguo a solo urbano)	801.634,00
Residencial	338.420,00
Industrial	400.645,00
Dotacional	13.834,00
Terciario	48.735,00
Delimitado (non contiguo a solo urbano)	615.541,00
Residencial	6.533,00
Industrial	609.008,00
Dotacional	0
Terciario	0
Non Delimitado	301.424,00
Sistema Xeral de Espazos Libres	509.894,55
Sistema Xeral de Equipamentos	358.424,96

As superficies indicadas no cadro anterior correspóndense coas superficies definitivas presentadas no documento para Aprobación Provisional (Setembro 2012) e polo tanto poden ter disparidades cos cadros que aparecen no documento do ISA ou na Proposta de Memoria Ambiental que se inclúen como parte da Avaliación Ambiental Estratéxica do presente Plan Xeral, mais tendo en conta que ditos cambios non xeran ningún tipo de conflito coa Memoria Ambiental emitida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por seren cambios de Clasificación ou Cualificación do solo que afectan a terreos xa obxecto de desenvolvemento urbanístico nas versións anteriores do documento do Plan Xeral (*cambio de Cualificación de solos urbanos consolidados a non consolidados, cambio de Cualificación de solos urbanizables delimitados a non delimitados ou cambios de Clasificación de solos urbanos non consolidados a solos urbanizables*) e en ningún caso afectan á Clasificación de novos terreos destinados a desenvolvementos urbanísticos, non afectando de ningún xeito ao modelo de crecemento proposto.

3. Identificación tanto gráfica como escrita dos seguintes condicionantes do medio:

○ **Abeto branco de Carballal.**

Se inclúe como Árbore Senlleira no catálogo de Patrimonio, tanto nos listados da memoria do Tomo VII como nas fichas de elementos catalogados creándose unha ficha co código AS-5.

○ **Bico de Curantes.**

Clasifícase como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais nos planos de Clasificación do solo a delimitación que aparece nas Normas Subsidiarias e complementarias de planeamento da COTOP e se modifican as memorias nas que se facía referencia ao nome no que aparecía como Picho de Curantes cambiando polo de Bico de Curantes.

○ **Zona de Protección da Avifauna.**

Indícase nos planos de Clasificación do solo e de Estrutura do Territorio a afección delimitada na resolución de 28 de novembro de 2011 da Dirección de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural) e se indica no punto 2.4 Valores ambientais do Tomo III a delimitación de dita afección, e no Art. 186 do Tomo V. Normativa Urbanística, dentro do capítulo de Normas de Protección dos Sistemas Naturais e do Patrimonio Cultural se inclúen as medidas para preservar esta área afectada por dita delimitación segundo ao disposto no Real Decreto 1432/2008, de 29



de agosto, para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

○ ***Liñas Eléctricas.***

Clasifícase como solo rústico de protección de infraestruturas as liñas de alta tensión que atravesan o concello nos planos de clasificación do solo e se inclúen no Art. 135 Enerxía Eléctrica do Tomo V. Normativa urbanística dentro do capítulo de Normativa dos sistemas xerais o ámbito de aplicación, as afeccións, servidumes.... das mesmas.

○ ***Parques eólicos.***

Indícanse nos planos de Clasificación do solo e Estrutura do Territorio as áreas de reserva do Plan Sectorial eólico de Galicia, así como os aerogeradores en funcionamento e os autorizados, como Sistema xeral de Infraestruturas, e nestes últimos (os aerogeradores indicados) se clasifica o seu ámbito como solo rústico de protección de infraestruturas nos planos de clasificación do solo. Indícase tamén no Art. 136. Parques eólicos do Tomo V. Normativa Urbanística, dentro do capítulo de Normativa dos Sistemas xerais, o ámbito de aplicación e as condicións a aplicar.

○ ***Minicentral eléctrica do Río Liñares.***

Indícase como Sistema Xeral de Servizos públicos nos planos de Clasificación do solo e Estrutura do Territorio, así como nos listados de equipamentos de sistema xeral no Tomo II. Memoria xustificativa, ademais de incluír como Sistema xeral de infraestruturas os tramos de aproveitamento hidroeléctrico en uso actualmente así como as zonas indicadas como tramos de Interese hidroeléctrico indicados no Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas Galicia-Costa. Indícase ademais no Art. 137 do Tomo V. Normativa Urbanística, dentro do capítulo de Normativa dos Sistemas xerais.

○ ***Servidume aeronáutica.***

Indícanse nos planos de Clasificación do solo e Estrutura do Territorio as áreas afectadas pola servidume aeronáutica correspondentes ao Aeroporto de Santiago contidas no Plan director do Aeroporto de Santiago de Compostela aprobado por Orde do Ministerio da Presidencia do 5 de setembro de 2001 (BOE nº 220, de 13 de setembro), definidas en base ao Decreto de servidumes aeronáuticas e aos criterios vixentes da Organización de aviación civil internacional (OACI) e se indican no Art. 138 do Tomo V. Normativa Urbanística dentro do capítulo de Normativa dos Sistemas xerais.

○ ***Vía da prata.***

Indícase nos planos de Clasificación do solo e Estrutura do Territorio a liña por onde discorre o Camiño de Santiago, así como a zona de protección lateral e a zona de protección do contorno do camiño. Indícase ademais no Art. 187. Punto D.Camiño de Santiago do Tomo V. Normativa Urbanística, no capítulo de Normas de Protección dos Sistemas Naturais e do Patrimonio Cultural onde se definen as afeccións de ditas zonas delimitadas, e se fai mención do mesmo no Tomo III. 2.9 Patrimonio cultural así como no Tomo I. 2.8 Patrimonio cultural, histórico e arqueolóxico.

○ ***Liñas de protección do ferrocarril.***

Indícanse nos planos de Clasificación do solo e Estrutura do Territorio os seus trazados e clasifícase nos planos de Clasificación do solo como solo rústico de



protección de infraestruturas. Faise referencia a elas no Tomo I. Memoria Informativa Art. 4.1.2 Sistema ferroviario dentro do capítulo da Estrutura funcional do territorio, no Tomo II. Memoria xustificativa Art. 11.1.2 Sistema ferroviario dentro do Sistema xeral de comunicacións, e no Tomo V. Normativa Urbanística no Art 100 Sistema xeral de comunicacións e no Art. 134. Sistema ferroviario dentro do capítulo de Normativa dos sistemas xerais.

- **AG-59** .

Indícase nos planos de Clasificación do solo e Estrutura do Territorio e clasifícase nos planos de clasificación do solo como solo rústico de protección de infraestruturas. Faise referencia a ela no Tomo I. Art. 4.1.1 sistema viario dentro da Estrutura funcional do territorio, no Tomo II. Art.11.1.1 Sistema viario dentro do sistema xeral de comunicacións, no Tomo III. Estudio do Medio rural no Art. 2.10 Organización territorial e no Tomo V. Art. 133 Sistema viario dentro do capítulo de Normativa dos Sistema xerais.

4. Descrición do valores paisaxísticos da “área de **afección da paisaxe** en solo rústico de protección agropecuaria e forestal”. Se eliminou a **afección da paisaxe** en solo rústico de protección agropecuaria e forestal do artigo 2.5.5 Áreas de interese paisaxístico do Tomo III. Estudio do Medio rural, debido a que non presenta unha calidade paisaxística para ser preservado como se detalla no mapa de interese paisaxístico municipal do Estudo do Medio Rural.

5. **Proposición de medidas correctoras e preventivas para cada un dos efectos negativos detectados**, co fin de que sirvan de referencia aos plans que desenvolvan o PXOM, e trasladadas a normativa. As medidas propostas que se describen no ISA e se introduciron na normativa son as seguintes:

- Minimizar o efecto impermeable a través de sistemas de permeabilización, adaptados a cada proxecto, conservando un mínimo, baremado polo Índice de Permeabilización
- Potenciar o labor agrícola daquelas zonas clasificadas coma Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
- Posta en marcha dun programa de control e seguimento dos sistemas de drenaxe natural do concello
- Posta en marcha dun programa de prevención, control e seguimento das condicións hídricas.
- Instalación dun sistema de aforro e eficiencia de auga de rego
- Sistema Integral de Aforro e Eficiencia Enerxéticos
- Posta en marcha dunha campaña de educación ambiental para a redución de residuos.
- Os solos urbanizables deberán contemplar medidas para reducir o uso de vehículo privado.



- Procederáse á humectación previa dos materiais (lixeiro rego), sempre que non dea lugar á formación dun vertido líquido.
 - Todos os residuos xerados durante a fase de obra deberán ser xestionados adecuadamente segundo a súa tipoloxía.
 - Realizar un proxecto de prospección arqueolóxica do ámbito afectado cando apareza un achado arqueolóxico.
 - Medidas de prevención e control para a preservación dos valores naturais na Cidade do Moble
6. **Completoouse a relación de indicadores e adecuou ao anexo II da memoria ambiental**, así como se determinou a realización dun informe con periodicidade anual. Estes trocos realizáronse no Plan de Seguimento Ambiental do ISA.
7. **Completar o informe de viabilidade económica** co importe de todas as actuacións da proposta e incluír partidas destinadas a sufragar **os gastos da aplicación das medidas e do plan de seguimento**. As medidas correctoras e preventivas recóllense no resto de partidas dentro do PXOM, nas fases de urbanización. A causa é que a maior parte das medidas non implican un aumento substancial dos custos no orzamento do plan ou debido a súa natureza, debese orzamentar nos plans de desenvolvemento, como é o caso do proxecto de actuación arqueolóxica. Mentres o Plan de Seguimento Ambiental realizase unha partida orzamentaria de 6.000 € anuais. Estes presupostos detállanse no *Tomo VI Estratexia de actuación e estudio económico* e dentro do ISA, no apartado *Informe da viabilidade económica da alternativa seleccionada*.
8. Realización da análise de compatibilidade do Plan coas DOT, seguindo a metodoloxía de análise de compatibilidade estratéxica (ACE). Esta análise realízase dentro do punto 9 do ISA, Análise da Coherencia, concretamente no apartado 9.1 Coherencia externa (Análise de Compatibilidade estratéxica)
9. Outros trocos ou recomendacións.
- Incorporouse e trasladouse a normativa indicacións relativas á xestión de residuos:
 - Fomentar o emprego de materiais locais tradicionais na construción (naturais, renovables), evitando materiais de alto impacto ambiental, e/ou de materiais reciclados ou reciclables.
 - Favorecer a utilización de técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/desmontaxe, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
 - Reducir os movementos de terras e incluír medidas de xestión dos movementos de terras e dos seus vertidos.
 - Reducir en xeral o consumo de materiais na edificación, incrementar o uso de materiais renovables ou con menor consumo enerxético na súa fabricación e posta en obra, ou reciclados ou reutilizados.



- Dimensionar e localizar axeitadamente os espazos necesarios para os sistemas de recollida selectiva de residuos.

A Estrada, Xullo 2013

Fdº Juan Angel Visier Gil
Arquitecto redactor